

## 1. Introducción

### 1.1. Obxecto

A Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente traspón a Directiva 2001/42/CE en vigor desde o 21 de xullo de 2004, e incorpóraa ao ordenamento xurídico español establecéndose como lexislación básica para Galicia. Deste xeito todos os plans e programas que se elaboren ou aproben pola Administración Autonómica, ou polos seus Organismos Autónomos, e pola Administración Local, que estean dentro do seu ámbito de aplicación, deberán someterse ao procedemento administrativo establecido na devandita Lei 9/2006. Esta lei ten por obxecto promover un desenvolvemento sostible, conseguir un elevado nivel de protección do medio e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e adopción de plans e programas, mediante a realización dunha avaliación ambiental daqueles que poidan ter efectos significativos sobre o medio.

O primeiro paso do devandito procedemento administrativo corresponde á denominada “comunicación de inicio”. Mediante dita comunicación o órgano promotor dun plan ou programa comunica ao órgano ambiental (Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental) a súa iniciación, acompañando a devandita comunicación da documentación inicial requirida por este último, é dicir, o denominado Documento de Inicio (DI).

O presente Documento de Inicio corresponde ao *Proxecto Sectorial 01\_14 de infraestruturas de telecomunicacións de nova implantación xestionadas por Retegal* (en adiante Proxecto Sectorial), que promove a sociedade pública Redes de Telecomunicación Galegas Retegal S.A. (en diante, Retegal), ao abeiro da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia e do *Plan Sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia xestionadas por Retegal, dentro do Plan de Banda Larga da Xunta de Galicia* (en adiante Plan Sectorial), aprobado polo Consello da Xunta o 2 de maio de 2013.

O obxecto principal do Plan Sectorial consiste no establecemento dun marco de ordenación xeral para as infraestruturas de telecomunicacións titularidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o que integra non só a regularización das infraestruturas existentes dentro do marco xurídico resultante tras a aprobación do Plan Sectorial, que pretendan manterse de acordo coa análise loxística e a estratexia de actuación do Plan, senón tamén a planificación sectorial previa para a implantación de futuras infraestruturas de telecomunicacións que se desenvolverán por medio de proxectos técnicos ou **proxectos sectoriais** concretos.

Na actualidade as catorce infraestruturas que se pretenden implantar unha vez aprobados os proxectos sectoriais correspondentes son as seguintes:

	CÓDIGO PRS	CONCELLO	X (UTM-ED 50)	Y (UTM-ED 50)
<b>PROXECTO SECTORIAL 01_14</b>	RTGR15006_1502287ARZUA	Arzúa	561498	4757752
	RTGR15029_1502331CORISTANCO	Coristanco	524160	4775970
	RTGR15050_1502291MONFERO	Monfero	575888	4805471
	RTGR15902_1502298OZACESURAS	Oza-Cesuras	571286	4782037
	RTGR27010_2700737CASTRODEREI	Castro de Rei	629004	4784614
	RTGR27028_2700832LUGO	Lugo	627123	4767568
	RTGR32043_3200791MACEDA	Maceda	621569	4673939
	RTGR36017_3601205AESTRADA	A Estrada	549326	4719109
<b>PROXECTO SECTORIAL 02_14</b>	RTGR15070_1502208ASPONTES	As Pontes de García Rodríguez	581433	4808457
	RTGR27012_2700840CERVANTES	Cervantes	658704	4747848
	RTGR27017_2700870FOLGOSODOCOUREL	Folgoso do Courel	646852	4720224
	RTGR27021_2700848XERMADE	Xermade	604453	4810605
	RTGR27034_2700843NAVIADESUARNA	Navia de Suarna	673025	4761622
	RTGR27048_2700794APONTENOVA	A Pontenova	649598	4795926